



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
sede.ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 23-11-2022

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 11:05 horas do día 23 de novembro de 2022, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO (asistencia telemática)

SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

D^a. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ (asistencia telemática)

D^a. MARÍA TERESA CHOUCIÑO CALVETE (asistencia telemática)

SECRETARIA EN RÉXIME DE ACUMULACIÓN DE FUNCIONS: D^a. MARÍA CRISTINA VARELA GARCÍA (asistencia telemática)

INTERVENTORA: D^a. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ (asistencia telemática)

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1.- Lectura e aprobación, se procede, do borrador das actas das sesións anteriores. Acta da sesión ordinaria celebrada o 17-10-2022

Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha observación.

Ao non formularse ningunha, enténdese aprobada por unanimidade.

2.- Contratacións

2.1. Adxudicación do contrato de servizos “2022/C004/000001 - desbroce na rede de vías e núcleos municipais do Concello de Ponteceso”

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 22-11-2022, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS “2022/C004/000001 - DESBROCE NA REDE DE VÍAS E NUCLEOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTECESO”

Logo de ver o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato administrativo de servizos "2022/C004/000001 - DESBROCE NA REDE DE VÍAS E NUCLEOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTECESO" cun orzamento base de licitación de 450.000,00 Euros, e un valor estimado de 371.900,82 Euros, contemplándose tres anos a duración do contrato, sen posibilidade de prórrogas, a tramitar polo procedemento aberto ordinario, art. 156 e seguintes da LCSP, con multiplicidade de criterios de adxudicación, con licitación electrónica por medio da Plataforma de Contratos do Sector Público, suxeito a regulación harmonizada e proceder á apertura do procedemento de adxudicación e proceder á publicación do pertinente anuncio no perfil do contratante deste Concello, para que no prazo de 30 días naturais se poidan presentar as proposicións que se estimen pertinentes, de conformidade co artigo 156.2 LCSP.4.

Na data de 29-04-2022 emitíuse polo técnico municipal o informe de insuficiencia de medios, cumprindo o establecido no precitado artigo 116.4.f), polo que a xuízo da Alcaldía xustifícase a necesidade e a insuficiencia de medios para levar a cabo os traballos de desbroce na rede de vías de titularidade municipal e núcleos de poboación.

Para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, en relación co artigo 116 do citado texto legal, esta Alcaldía entendeu necesario proceder á contratación do servizo: "DESBROCE NA REDE DE VÍAS MUNICIPAIS E NUCLEOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTECESO", actuación incardinable nun contrato administrativo de servizos, segundo o previsto no artigo 17 da devandita norma.

Na data de 29-04-2022 emitíuse polo técnico municipal o estudo económico do servizo "DESBROCE NA REDE DE VÍAS MUNICIPAIS E NUCLEOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTECESO", no que se establece un orzamento base de licitación de 450.000,00 Euros, e un valor estimado de 371.900,82 Euros, contemplándose tres anos a duración do contrato, sen posibilidade de prórrogas. Consta no expediente a retención de crédito realizada pola Intervención Municipal.

Na data 05-05-2022 emitíuse un informe polo xefe da Dependencia de Contratación sobre o procedemento para contratar o servizo, mediante procedemento aberto ordinario con multiplicidade de criterios de adxudicación, suxeito a regularización harmonizada e tramitación e licitación electrónica por medio da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Na data de 08-05-2022 emitíuse pola intervención municipal o documento contable RC polo importe de 150.000 euros con cargo á partida 2022.1531.227.99 que garante o crédito orzamentario para a primeira anualidade do contrato.

Na data 09-05-2022 aprobouse o inicio do expediente de contratación mediante Resolución da Alcaldía número 336/2022.

Na data de 11-05-2022 redactouse o prego de prescricións técnicas polos servizos técnicos municipais e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado polo técnico de administración xeral na data de 03-06-2022, e rematados os trámites previstos na LCSP someteuse aos informes preceptivos da Secretaría, emitido na data de 03/06/2022, favorable, e da Intervención na data 05-06-2022, favorable con observacións.

Completado o expediente na data de 06-06-2022 a XGL acordou aprobar o expediente de contratación de servizos, art. 17 da LCSP.

Publicado e rematado o prazo de presentación de ofertas, a mesa de contratación na reunión celebrada o día 19-07-2022 procedeu á apertura da documentación do sobre núm. 1, a súa cualificación e á apertura do sobre núm. 2, iniciándose así a valoración das ofertas presentadas rdconsonte ao expediente de contratación.

A mesa de contratación na reunión celebrada na data de 18-09-2022 realiza a seguinte proposta:
"Proponer al órgano de contratación la adjudicación del contrato de servicios denominado: 2022/C004/000001 – Desbroces en la red de vías y núcleos municipales del Ayuntamiento de Ponteceso, a la empresa que alcanzó la mayor puntuación en los criterios de adjudicación, que se corresponde con la oferta presentada por JOSE CARLOS MALLO ARES: OFERTA ECONÓMICA: Precio sin IVA: 105.617,80€; IVA (21%): 22.179,74€; Precio total: 127.797,54 € . MEJORAS: Suplemento de 30 kms. de desbroce anual de vías municipales ."

Realizado o requirimento de presentación da documentación xustificativa dos requisitos previos á empresa proposta, como establece a cláusula 2.3.2 do PCAP, e de constituír a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, mediante orixinais ou copias cotexadas, no prazo de 10 días hábiles, e presentada a mesma pola proposta como adxudicataria, a mesa cualificou a mesma na reunión celebrada ou día 11-11-2022 e prestou a súa conformidade ao considerar completa a presentada, xustificando os requisitos previos, a disposición efectiva dous medios aos que se comprometera adscribir á execución do contrato e a constituición dá garantía definitiva polo importe do 5% do importe dá adxudicación, consonte á precitada cláusula 2.3.2 do PCAP.

Previa á súa adxudicación someteuse á fiscalización dá Intervención Municipal a cal emítese na data 18-11-2022, concluíndo:

"De conformidad con los PCA que rigieron la contratación, el contrato de servicios denominado "SERVIZO DE DESBROCE NA REDE DE VÍAS E NUCLEOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTECESO" se planteó, vistos los apartados h) e i) del CUADRO RESUMEN, cómo plurianual siendo que la ejecución se preveía que comenzara en julio de 2022. Visto que finalizó el plazo de ejecución para la anualidad 2022 (regulado en la cláusula 2 del PPT en los siguientes términos: "(...)O servizo constará de 1 actuación de desbroce nas vías correspondentes a realizar nos meses de Xuño, Xullo sobre o total de 285 quilómetros, e de unha segunda actuación a realizar nos meses de Setembro e Outubro nun total de 122 quilómetros (...)") sin que se completara el procedimiento de adjudicación y dada la redacción del artículo 174.2 del TRLHL (Podrán adquirirse compromisos por gastos que hayan de extenderse a ejercicios posteriores a aquel en que se autoricen, siempre que su ejecución se inicie en el propio ejercicio y que, además, se encuentren en alguno de los casos siguientes...) no procede la adjudicación del contrato de servicios denominado "SERVIZO DE DESBROCE NA REDE DE VÍAS E NUCLEOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTECESO".

No mesmo informe constan as seguintes observacións: "Existe consignación para la anualidad 2022 pero, de acuerdo con el artículo 174.1 de TRLRHL, la realización dos gastos de carácter plurianual se subordinará al crédito que para cada ejercicio autoricen os respectivos presupuestos. Precisar que no consta, a fecha de firma del presente informe, tramitación alguna respecto de la elaboración de los presupuestos 2023 siendo recomendable, en caso de que el órgano de contratación decida continuar con la adjudicación, disponer de presupuestos 2023 para garantizar la cobertura presupuestaria necesaria." "Incumplimiento del plazo máximo de adjudicación a que se refiere el artículo 158.2 de LCSP
.....".

Na data de 22-11-2022 ditouse por esta Alcaldía a resolución relativa ao levantamento dos reparos efectuados pola Intervención Municipal, na que na súa parte resolutive acórdase:

"Primeiro.- Levantar os reparos emitidos pola Intervención Municipal no informe de fiscalización do expediente de contratación 2022/C004/000001, "DESBROCE NA REDE DE VÍAS E NUCLEOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTECESO", previo á súa adxudicación, consonte ao establecido no art. 217.1 do RDL 2/2005, TRLRFL, polos motivos reflectidos na parte expositiva da presente resolución.

Segundo.- Elevar á Xunta de Goberno Local a proposta de adxudicación do contrato

“DESBROCE NA REDE DE VÍAS E NUCLEOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTECESO”, consonte á proposta da mesa de contratación a favor da oferta considerada como a que mellor relación de calidade-prezo presenta, no prezo de 105.617,80€; IVE (21%): 22.179,74€; prezo total de 127.797,54 euros/ano, a prestar nos exercicios de 2023 e 2024, considerando a este contrato como de tramitación anticipada, sometida á condición suspensiva do cumprimento da efectiva consolidación dos recursos que haxan de financiar o correspondente contrato en cada unha das anualidades, consonte ao establecido na Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, LCSP.”

A Disposición adicional segunda da LCSP establece que a competencia para contratar será do Alcalde cando o importe do contrato non exceda o 10% dos recursos ordinarios, en caso de que exceda a competencia é do Pleno. O valor estimado do proxecto é de 193.299,94 euros. De conformidade coa resolución de alcaldía pola que se aproba a prórroga orzamentaria do orzamento do exercicio 2020 para o exercicio 2022 os recursos ordinarios ascenden a 4.721.026,17 € (sumatorio das previsións iniciais dos capítulos 1 a 5, ambos inclusive, do orzamento de ingresos), polo que o Alcalde é o órgano competente para a tramitación dos contratos ata o importe de 472.102,62 € e cunha duración (incluídas as prórrogas) de ata 4 anos.

Considerando que a sobredita competencia é atribuída a alcaldía, a cal delegouse na Xunta de Goberno Local pola resolución da alcaldía núm. 374/2019, do 26-06-2019.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Adxudicar, consonte á proposta da mesa de contratación de data 18-09-2022, o contrato de servizos denominado “**DESBROCE NA REDE DE VÍAS MUNICIPAIS E NUCLEOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTECESO**”, expediente núm. 2022/C004/000001”, a favor da oferta considerada como a que mellor relación calidade-prezo presenta, correspondente a **D. JOSE CARLOS MALLO ARES** no prezo anual de 105.617,80€; IVE (21%): 22.179,74€; prezo total de 127.797,54 euros/ano, a prestar nos exercicios de 2023 e 2024, considerando a este contrato como de tramitación anticipada, sometida á condición suspensiva do cumprimento da efectiva consolidación dos recursos que haxan de financiar o correspondente contrato en cada unha das anualidades, consonte ao establecido na Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, LCSP, e coas melloras ofertadas polo adxudicatario, consistentes nun suplemento de 30 quilómetros de desbroce anual de vieiros municipais, a subrogación do traballador laboral temporal J.J.P.M., na súa condición de condutor do tractor municipal matrícula E5673BFN, marca New Holland, modelo T6010 4WD, cun brazo hidráulico marca Kuhn, modelo 557, os cales se ceden durante a duración do contrato, sendo por conta do adxudicatario todos os gastos de mantemento, seguros e calquera outro relacionado cos mesmos, con estrita suxeición aos pregos que rexen a contratación.

Segundo.- Notificar ao adxudicatario e publicar no Perfil do Contratante, na Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>), Rexistro de contratos do sector público.

Ponteceso, na data da sinatura dixital.
O alcalde

Xosé Lois García Carballido”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 11:25 horas do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinándoa xunto co alcalde.

O alcalde

A secretaria de Xermade en réxime de acumulación de funcións
no Concello de Ponteceso

Xosé Lois García Carballido

M.^a Cristina Varela García

Documento asinado electrónicamente á marxe.